



AIU	HJI	WWE	PLO	EER	QRT	OPY
1,822	20,369	890	6,350	10,985	25,000	6,800
(-35)	(+580)	(-20)	(-200)	(+580)	(-15)	(-115)
MBC	LJH	MJB	PON	NFR	LGH	OMJ
3,605	9,542	2,609	7,654	6,522	20,000	3,652
(-210)	(-128)	(+35)	(+169)	(+122)	1,632	(+182)
MBV	QMN	MMJ	IIT	KLM	15,000	MMH
3,204	5,211	7,100	7,150	782	1,901	3,286
(-33)	(+156)	(-60)	(-150)	(+74)	(+101)	(-120)
MBB	WFF	HJM	QLC	LSD	10,000	GHS
3,320	712	134	2,022	631	5,000	12,630
(-120)	(+12)	(+5)	(-18)	(+40)	(-57)	(-330)



# XESTIÓN TRIBUTARIA E CATASTRAL

## MEMORIA DE 2019



# **XESTIÓN TRIBUTARIA E CATASTRAL**

## MEMORIA DE 2019



## PRESENTACIÓN

Na liña iniciada de transparencia na xestión do ORAL preséntase a memoria de xestión do ano 2019.

O ORAL xestionou as competencias que lle delegaron en materia de ingresos un total de 53 concellos dos 61 que hai na provincia de Pontevedra e 9 entidades locais coma mancomunidades e consorcios.

As delegacións de competencias e encomendas de xestión efectuadas no ORAL incrementáronse tamén en nove, entre delegacións de recadación, xestión de impostos e colaboración na tramitación e recadación de multas de tráfico.

Estas son as cifras do 2019:

- Volume global de valores xestionados: 217,8 millóns de euros
- Incremento de 20 millóns de euros na contía do volume dos ingresos delegados en xestión anual desde 2015. O incremento entre 2018 e 2019 foi de 1,3 millóns
- Volume de recadación: 122,9 millóns, dos que 96,6 millóns (máis do 85 % do total) correspondeu aos 49 concellos de menos de 20.000 habitantes que confiaron no ORAL parte ou a integridade da xestión e recadación dos seus tributos, o que é especialmente significativo tendo en conta que dos 61 concellos existentes na provincia 52 teñen menos de 20.000 habitantes
- Recadación destinada á integridade dos entes delegantes no ORAL: incrementouse en máis de 6,3 millóns desde 2015 (dos que máis de 5 millóns se corresponden con ingresos dos concellos de menos de 20.000 habitantes)
- Porcentaxe da recadación que se obtivo en período voluntario de cobro: 87,3 % do total; unha proporción moi representativa dos 107,3 millóns de euros recadados en total

Isto pon de manifesto o alto grao de corresponsabilidade das persoas contribuíntes nas achegas aos orzamentos locais no conxunto da provincia. O esforzo da cidadanía é o que posibilita a prestación dos servizos públicos básicos, a redistribución das cargas e a equidade tributaria, aspectos que constitúen a base do noso sistema social e democrático de dereito.

O ORAL está a facer un forte esforzo de modernización e de implementación da xestión por obxectivos para incrementar a eficacia e a eficiencia dos servizos.

Como resultado das medidas implantadas, en 2019 mellorouse a porcentaxe de cobros en período voluntario dos padróns dos tributos anuais con maior poder recadatorio.

IBI: 67,6 millóns de euros, dos que case 60 millóns foron recadados en período voluntario de cobro, cun incremento porcentual de máis dun punto con respecto ao ano 2018.

Taxas do lixo e da auga: 20,1 millóns de euros, dos que foron recadados en período voluntario 18,5 millóns, cunha mellora de máis de nove puntos porcentuais, polo que se pasou dunha porcentaxe de cobro do 86,6 % no 2018 a unha do 92 % en 2019.

IAE: a porcentaxe de cobro en período voluntario incrementouse ata o 91,5 % do total.

Estas melloras da xestión de cobro hai que poñelas en relación co incremento das campañas de comunicación e información efectuadas a través do novo portal tributario web do ORAL, que lle achega á cidadanía información puntual e próxima.

Ademais realizáronse diversas campañas específicas a través das contas corporativas da Deputación nas redes sociais, que posibilitaron o pago puntual dos tributos e incrementaron notoriamente as domiciliacións bancarias das persoas interesadas.

Incrementáronse notablemente as domiciliacións efectuadas polas persoas obrigadas: máis de 35.000 domiciliacións nun só ano, o que representou un valor en ingresos de máis de 3,3 millóns de euros.

Contribuíu tamén a isto a nova Oficina Virtual Tributaria (<https://ovt.depo.es>), posta en funcionamento en febreiro de 2019. A Oficina Virtual Tributaria rexistrou máis de 717.000 transaccións nos 10 meses de andadura do 2019. A aposta polas tecnoloxías da información e comunicación no ámbito da xestión está sendo superada amplamente no curso deste ano 2020.

As melloras no ámbito da xestión tributaria redundan en beneficio das finanzas locais e melloran a atención ás persoas contribuíntes. É por iso que a Deputación de Pontevedra continuará impulsando o proceso iniciado, reforzando as melloras da atención ás persoas e as liñas de cooperación e colaboración cos concellos e incrementando o nivel de transparencia das súas actividades.

Cómpre dicir tamén que o ORAL, nesta época de crise sanitaria provocada pola COVID-19, amosou unha capacidade de resposta áxil e efectiva, propia dunha Administración moderna e madura que responde ás demandas transmitidas polos concellos e polas persoas contribuíntes.

Co obxectivo de minimizar os efectos da crise, e por indicacións desta Presidencia, paralizouse o calendario fiscal, flexibilizando os pagos e trámites procedementais para as persoas contribuíntes.

Reforzáronse as liñas telefónicas de atención, e estendeuse en maior medida a actual Administración electrónica co obxectivo de evitar o desprazamento fóra do fogar. Impulsouse a posta en marcha da clave segura de usuaria ou usuario. Implantáronse os fraccionamentos e aprazamentos en vía voluntaria a través da Oficina Virtual Tributaria. E tamén se introduciron novos medios de pago a través do móbil.

No que respecta ao apoio e colaboración cos concellos, reforzouse o asesoramento na implantación de medidas fiscais e incrementáronse no ano 2020 os máis de 60,9 millóns de euros que xa se anticiparon en 2019 na fórmula de anticipos a conta da recadación xestionada.

No ano 2021 as liñas de traballo seguirán no camiño emprendido de colaboración cos concellos e co incremento de medidas que favorezan e flexibilicen as cargas tributarias das persoas contribuíntes.

Nese aspecto a Deputación de Pontevedra, a través do ORAL, elaborou unha liña de traballo específica co obxectivo de incrementar as facilidades de pagamento para as persoas e as pequenas e medianas empresas no novo escenario económico derivado da crise sanitaria. Dedicaráselle, así mesmo, un esforzo adicional á colaboración cos concellos que axude a materializar con seguridade xurídica os incentivos fiscais que estes consideren introducir nas ordenanzas fiscais do próximo ano 2021.

**Carmela Silva Rego**

Presidenta da Deputación de Pontevedra

**ÍNDICE**

<b>1. OBXECTIVOS, VALORES, MISIÓN E VISIÓN .....</b>	<b>7</b>
1.1 OBXECTIVOS.....	7
1.2 VALORES .....	7
1.3 MISIÓN E VISIÓN .....	7
<b>2. ORGANIZACIÓN E COMPETENCIAS .....</b>	<b>9</b>
2.1 COMPETENCIAS DO ORAL.....	9
2.2 RECURSOS HUMANOS E ESTRUTURA DO CADRO DE PERSOAL .....	10
<b>3. DELEGACIÓNS TRIBUTARIAS E DOUTROS INGRESOS .....</b>	<b>13</b>
3.1 NOVAS DELEGACIÓNS.....	13
3.2 DELEGACIÓNS ASUMIDAS.....	13
3.3 DELEGACIÓNS SEGUNDO A POBOACIÓN MUNICIPAL .....	15
3.4 EVOLUCIÓN DA XESTIÓN E RECADACIÓN EFECTUADA EN FUNCIÓN DO TRAMO DE POBOACIÓN.....	17
<b>4. FORMAS DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS.....</b>	<b>19</b>
4.1 PRESENZA NO TERRITORIO PROVINCIAL .....	19
4.2 ATENCIÓN EN LIÑA .....	19
<b>5. XESTIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA .....</b>	<b>21</b>
5.1 XESTIÓN VOLUNTARIA DE PADRÓNS.....	21
5.2 XESTIÓN VOLUNTARIA DE LIQUIDACIÓNS .....	22
5.3 TIPOLOXÍA DOS TRIBUTOS MÁIS SIGNIFICATIVOS. EVOLUCIÓN DA XESTIÓN E COBRO EN PERÍODO VOLUNTARIO.....	23
5.4 EVOLUCIÓN DAS DOMICILIACIÓNS .....	25
<b>6. XESTIÓN RECADATORIA .....</b>	<b>27</b>
6.1 XESTIÓN RECADATORIA GLOBAL.....	27
6.2 XESTIÓN RECADATORIA EN VÍA VOLUNTARIA .....	27
6.3 XESTIÓN RECADATORIA EN VÍA EXECUTIVA.....	28
<b>7. VOLUME DE XESTIÓN GLOBAL DO ORAL .....</b>	<b>30</b>
<b>8. XESTIÓN DAS SANCIÓNS DE TRÁFICO .....</b>	<b>31</b>
<b>9. XESTIÓN CATASTRAL .....</b>	<b>32</b>
<b>10. EXPEDIENTES XESTIONADOS.....</b>	<b>33</b>
10.1 EXPEDIENTES XESTIONADOS.....	33
10.2 OUTRAS ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA XESTIÓN .....	33
<b>11. ACHEGAS DE LIQUIDEZ AOS CONCELLOS. ANTICIPOS A CONTA .....</b>	<b>35</b>





## 1. OBXECTIVOS, VALORES, MISIÓN E VISIÓN

O ORAL é o órgano desconcentrado da **Deputación de Pontevedra** encargado de colaborar cos concellos na xestión, inspección e recadación dos tributos locais e doutros ingresos de dereito público delegados nesta institución provincial e de facilitarlle á cidadanía destes concellos o cumprimento puntual das obrigas derivadas da imposición dos tributos locais e dos ingresos xestionados por delegación.

Estende, ademais, a súa colaboración á realización de todas as xestións e os trámites relacionados coa competencia da potestade sancionadora municipal que se lle delegue ou encomende, en especial a relativa ás multas de tráfico.

### 1.1 OBXECTIVOS

Con carácter enunciativo, o ORAL persegue os seguintes obxectivos:

- a) A conformación e o mantemento dos padróns dos tributos municipais co alcance e coas condicións que se conveñan
- b) A práctica de liquidacións para determinar as débedas tributarias e outros actos de xestión
- c) A recadación en período voluntario e executivo de toda clase de tributos, así como doutros ingresos de dereito público
- d) A colaboración en materia de inspección dos tributos locais
- e) O asesoramento xurídico e económico en materia de xestión tributaria aos concellos cuxa xestión fose delegada
- f) A colaboración na xestión catastral, así como a xestión do procedemento sancionador en materia de tráfico
- g) A prestación de calquera outra actividade ou servizo necesarios para a maior efectividade dos anteriores

Deste xeito, dáselle cumprimento ao establecido nos artigos 31, 36 e, especialmente, no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 113 a 117 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

### 1.2 VALORES

- **Profesionalidade**, imparcialidade e **transparencia** da xestión efectuada
- Seguridade e **confidencialidade** nas relacións coa cidadanía
- **Eficacia e eficiencia** na xestión
- **Información** continuada, clara e precisa
- **Calidade**, avaliada a través de diferentes indicadores, e implantación de medidas correctoras na liña da **innovación tecnolóxica** e da mellora continua
- Compromiso coa **igualdade de oportunidades en materia de xénero**

### 1.3 MISIÓN E VISIÓN

#### Misión:

A misión do ORAL consiste na xestión, inspección e recadación por delegación naqueles concellos e noutros entes locais da provincia de Pontevedra que así o desexen dos ingresos públicos que permitan prestarlles ás e aos contribuíntes servizos públicos de calidade para impulsar a modernización da Administración local.

#### Visión:

A visión do órgano é o de ser unha Administración moderna e eficaz, referente na xestión de tributos locais e próxima á cidadanía, coa finalidade de asistir na prestación dos servizos de xestión da recadación tributaria en período voluntario e executivo, así como apoiar a xestión financeira dos concellos delegantes, especialmente daqueles que contan cunha poboación inferior a 20.000 habitantes.

## 2. ORGANIZACIÓN E COMPETENCIAS

### 2.1 COMPETENCIAS DO ORAL

Segundo os artigos 5 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o artigo 103 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, e o artigo 119.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e coa finalidade de levar a cabo a xestión, inspección e recadación no ámbito da provincia de Pontevedra dos recursos de dereito público, tributarios e non tributarios, das entidades locais e demais administracións públicas que efectúen a delegación ou lle encomenden o exercicio das ditas facultades e funcións á Deputación, así como a xestión de actividades catastrais segundo os convenios e a normativa que así o dispoña, a Deputación Provincial de Pontevedra, no exercicio das competencias que lle son propias, constitúe o órgano desconcentrado sen personalidade xurídica propia coa denominación de ORAL, tal e como consta nas bases de execución dos diversos orzamentos da Deputación.

Previo sinatura dos respectivos convenios de delegación cos concellos e con outros entes delegantes, o ORAL exerce as seguintes competencias:

XESTIÓN TRIBUTARIA DO IBI	XESTIÓN TRIBUTARIA DO IVTM	XESTIÓN TRIBUTARIA DO IAE	XESTIÓN TRIBUTARIA DO IIVTNU
XESTIÓN TRIBUTARIA DO ICIO	XESTIÓN TRIBUTARIA DAS TAXAS E DOUTROS INGRESOS	RECADACIÓN VOLUNTARIA	RECADACIÓN EXECUTIVA
XESTIÓN CATASTRAL	INSPECCIÓN TRIBUTARIA	COLABORACIÓN NA XESTIÓN E RECADACIÓN DAS SANCIÓN DE TRÁFICO	ASISTENCIA, INFORMACIÓN E ASESORAMENTO XURÍDICO

A composición e o réxime de funcionamento do ORAL será o establecido no seu propio regulamento. Na súa ausencia, ou para o non disposto neste, contemplarase o establecido nas bases de execución do orzamento do exercicio correspondente a esta memoria (2019), en especial ao sinalado na súa Disposición adicional V (<https://www.depo.gal/info-econom-deputacion-2019/orzamentos>)

A estrutura interna do ORAL distribúese do seguinte xeito:

- Servizo de Xestión de Recursos Públicos e Inspección
- Servizo de Xestión Catastral e Tributaria do IBI
- Servizo de Contabilidade e Xestión Orzamentaria
- Servizo de Recadación
- Servizo Xurídico
- Coordinación

### 2.2 RECURSOS HUMANOS E ESTRUTURA DO CADRO DE PERSOAL

Un dos focos de atención prioritaria no ORAL ten que ver co investimento na relación e cualificación dos recursos humanos con que conta este órgano para a atención dos seus cometidos. Neste sentido, iniciouse no exercicio 2019 un proxecto en relación cos recursos humanos dispoñibles do ORAL con tres liñas de actuación principais: a estabilización do emprego, a funcionarización de efectivos e a tecnificación do desempeño.






O ORAL cerrou o exercicio 2019 cun total de 149 postos de traballo (140 no exercicio 2018) na súa RPT, dos cales 137 (130 no exercicio 2018) estaban ocupados, ben en propiedade (109), ou ben en réxime de interinidade (28). Do anterior dedúcese un incremento de persoal con respecto ao exercicio 2018 do 6,43 % no total de postos incluídos na relación de postos de traballo, e que se traduciu, mediante as oportunas convocatorias públicas, nun incremento real de efectivos do 5,38 % de traballadoras e traballadores á disposición dos concellos da provincia para a xestión e recadación dos seus tributos e doutros ingresos de dereito público.

En canto ao modo de prestación de servizos do persoal, iniciouse neste exercicio o procedemento de funcionarización do persoal da categoría C1, que posibilitará o acceso a unha relación de carácter estatutario a un total de 90 traballadoras e traballadores que na actualidade manteñen con esta Administración unha relación de carácter laboral.

Por último, en relación coa tecnificación do órgano, o ORAL incluíu no exercicio 2019 un novo posto de técnica ou técnico A1, ao que se suman dous novos postos (A1 e A2) creados no Orzamento de 2020. En canto á provisión deste tipo de postos, convocáronse en 2019 un total de 4 prazas de persoal técnico (1 praza de categoría A1 e 3 prazas de categoría A2), e comprometeuse a convocar dúas prazas máis de categoría A2 no segundo semestre do exercicio 2020.

**Distribución do persoal por sexo e categoría profesional:**

Grupo	Mulleres	Homes
A1	3	4
A2	1	4
C1	55	39
C2	22	9
<b>Total</b>	<b>81</b>	<b>56</b>






No relativo á distribución de persoal por sexo e á brecha de xénero, no ORAL o número de postos ocupados por mulleres é superior ao dos desempeñados por homes.

En canto ás estatísticas segregadas por grupos profesionais, amósase unha desviación no relativo á ocupación de postos de maior capacitación técnica (A1 e A2). Isto pode ser debido á ausencia nos últimos anos de convocatorias públicas para o acceso a este tipo de postos. No marco da tecnificación do órgano, o ORAL ten actualmente convocados un total de 4 postos de características técnicas (1 de A1 e 3 de A2), e comprometeuse a convocar dúas prazas máis de categoría A2 no segundo semestre do exercicio 2020. O ORAL ten presente a necesidade de impulsar constantemente propostas no marco do Plan de igualdade aprobado pola Deputación de Pontevedra.

**Distribución do persoal por tipo de relación e categoría profesional:**


Grupo	Persoal funcionario	Persoal laboral
A1	7	0
A2	5	0
C1	4	90
C2	2	29
<b>Total</b>	<b>18</b>	<b>119</b>




En canto á relación de servizos e á súa distribución en relación á dotación de persoal de carácter laboral e funcionario, non se experimentaron variacións significativas con respecto ao exercicio 2018, se ben en 2019 iniciouse un procedemento de funcionarización do persoal que se está a desenvolver e que finalizará no primeiro semestre do ano 2020 coa funcionarización da maior parte do persoal do ORAL.

**Distribución do persoal por rango de idade e categoría profesional:**



Grupo	< 30 anos	De 30 a 45 anos	De 46 a 55 anos	De 56 a 65 anos
A1	0	2	2	3
A2	0	2	2	1
C1	2	26	42	24
C2	1	22	6	2
<b>Total</b>	<b>3</b>	<b>52</b>	<b>52</b>	<b>30</b>



**Rango de idade por categorías**




**Distribución do persoal por localización do posto de traballo:**



## Evolución dos recursos humanos:

Evolución da RPT (2015 - 2019)



En resumo, no que se refire á evolución dos recursos humanos, con carácter xeral e en números globais, obsérvase un incremento dos postos na relación de postos de traballo do 6,43 % con respecto ao exercicio 2018.

En canto aos resultados obtidos do desenvolvemento das diferentes liñas de traballo en materia de persoal, obsérvanse os seguintes resultados:

- En relación coa estabilización do emprego temporal, o ORAL contaba ao inicio do exercicio 2019 cun total de 12 postos vacantes e con 28 cubertos en interinidade. No exercicio 2019 iniciáronse expedientes para a cobertura definitiva dun total de 32 postos de distintas categorías (A1, A2, C1 e C2), que se desenvolverán efectivamente ao longo deste exercicio 2020 coa finalidade de reducir a temporalidade do emprego nun 80 %.
- No relativo á funcionarización do persoal, durante o 2019 iniciouse un procedemento para inverter a situación actual descrita da maior parte dos efectivos do ORAL suxeitos a unha relación de carácter laboral (90 postos), o que permitirá incrementar a porcentaxe de persoal suxeito a unha relación de servizos de carácter estatutario durante este exercicio, que pasaría dun 13 % a un 78,8 %.
- En canto á tecnificación do desempeño, a creación de emprego de carácter técnico provocou que a dotación de postos técnicos nesta organización se incrementase nun 12,5 % en relación co exercicio 2018.

### 3. DELEGACIÓN TRIBUTARIAS E DOUTROS INGRESOS

#### 3.1 NOVAS DELEGACIÓN

Ao longo do exercicio 2019 incorporáronse as seguintes delegacións e encomendas de xestión realizadas polos seguintes concellos da provincia:

Concellos	Novas delegacións
Catoira	Recadación en vía executiva dos ingresos de dereito público que se atopen pendentes de cobro na súa Tesourería
Forcarei	Recadación das multas de tráfico e encomenda de xestión da colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de multas de tráfico
Meaño	Recadación en vía voluntaria e executiva das multas de tráfico e encomenda de xestión da colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de multas de tráfico
Nigrán	Xestión, liquidación, recadación e revisión do Imposto sobre actividades económicas (IAE) e da inspección da liquidación da taxa por ocupación, utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, que deben aboar as empresas explotadoras de servizos de subministración que lle afecten á totalidade ou a unha parte importante da veciñanza (telefonía por fío, enerxía eléctrica, gas, televisión por cable etc.), así como a emisión, recadación e revisión das liquidacións derivadas desa inspección (tamén chamada taxa do 1,5 %)
O Grove	Recadación das multas de tráfico e encomenda de xestión da colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de multas de tráfico
Valga	Recadación das multas de tráfico e encomenda de xestión da colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de multas de tráfico
A Lama	Inspección da liquidación pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración, así como a emisión, recadación e revisión da liquidación derivada desta (tamén chamada taxa do 1,5 %)
Vilaboa	Recadación, en vía executiva, dos ingresos de dereito público que se atopen pendentes de cobro na súa Tesourería. Xestión, inspección, liquidación e recadación de diversos ingresos de dereito público, recadación das multas de tráfico, encomenda da xestión da colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de multas de tráfico, así como a delegación da fase instrutora do procedemento sancionador nas multas de tráfico
Barro	Xestión, liquidación, inspección e recadación voluntaria e executiva dos ingresos correspondentes á taxa por prestación dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración de augas residuais no polígono industrial de Outeda-Curro

O número e detalle das delegacións e encomendas de xestión asumidas pola Deputación de Pontevedra na actualidade é o seguinte:

#### Delegacións efectuadas polos distintos concellos:

CONCELLOS	IBI	IAE	IVTM	ALTAS IVTM	IIVTNU	MULTAS TRÁFICO	ICIO	XEST. CAT.	TAXAS	REC. EXEC.
Arbo	√	√	√						√	√
Barro	√	√	√	√			√	√	√	√
Baiona	√	√	√			√	√	√	√	√
Caldas de Reis	√	√	√		√	√	√	√	√	√
Cambados	√	√	√		√	√		√	√	√
Campo Lameiro	√	√	√				√	√	√	√

CONCELLOS	IBI	IAE	IVTM	ALTAS IVTM	IIVTNU	MULTAS TRÁFICO	ICIO	XEST. CAT.	TAXAS	REC. EXEC.
Cangas	✓	✓			✓	✓	✓	✓	✓	✓
Cañiza, A	✓	✓	✓	✓		✓		✓	✓	✓
Catoira	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Cerdedo- Cotobade	✓	✓	✓					✓	✓	✓
Covelo	✓	✓	✓				✓	✓	✓	✓
Crecente	✓	✓	✓					✓	✓	✓
Cuntis	✓	✓	✓		✓	✓	✓	✓	✓	✓
Dozón	✓	✓	✓					✓	✓	✓
Estrada, A	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Forcarei						✓				✓
Agolada	✓	✓	✓					✓	✓	✓
Gondomar	✓	✓	✓			✓		✓	✓	✓
Grove, O						✓				✓
Illa de Arousa, A						✓			✓	✓
Lalín	✓	✓	✓	✓		✓	✓	✓	✓	✓
Lama, A	✓	✓	✓	✓				✓	✓	✓
Meaño	✓	✓	✓	✓	✓	✓		✓	✓	✓
Meis	✓	✓	✓	✓	✓		✓	✓	✓	✓
Moaña	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Mondariz	✓	✓	✓	✓	✓	✓		✓	✓	✓
Mondariz- Balneario	✓	✓	✓	✓	✓	✓		✓	✓	✓
Moraña	✓	✓	✓	✓				✓	✓	✓
Mos	✓	✓			✓	✓	✓	✓		✓
Neves, As	✓	✓	✓	✓		✓		✓	✓	✓
Nigrán	✓	✓					✓	✓		✓
Oia	✓	✓	✓		✓		✓	✓	✓	✓
Pazos de Borbén	✓	✓	✓	✓				✓	✓	✓
Porriño, O	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Portas	✓	✓	✓	✓				✓	✓	✓
Poio	✓	✓	✓	✓	✓		✓	✓	✓	✓
Ponteareas	✓	✓	✓		✓		✓	✓	✓	✓

CONCELLOS	IBI	IAE	IVTM	ALTAS IVTM	IIVTNU	MULTAS TRÁFICO	ICIO	XEST. CAT.	TAXAS	REC. EXEC.
Ponte Caldelas	√	√	√	√		√		√	√	√
Pontecesures	√	√	√		√		√	√	√	√
Rodeiro	√	√	√					√	√	
Rosal, O	√	√	√		√	√		√	√	√
Salceda de Caselas	√	√	√		√	√	√		√	√
Salvaterra de Miño	√	√	√		√	√	√	√	√	√
Sanxenxo	√	√	√				√	√	√	√
Silleda	√	√	√		√	√	√	√	√	
Soutomaior	√	√	√			√	√	√	√	√
Tomíño	√	√	√		√	√	√	√	√	√
Tui	√	√	√			√	√	√	√	√
Valga	√	√	√	√		√		√	√	√
Vilaboa	√	√			√	√		√		√
Vila de Cruces	√	√	√	√				√	√	√
Vilagarcía de Arousa										√
Vilanova de Arousa	√	√	√		√	√	√	√	√	√

**Delegacións efectuadas por outras entidades locais:**

OUTRAS ENTIDADES LOCAIS	TAXAS	RECADACIÓN EXECUTIVA
Consortio Contraincendios das Comarcas do Salnés (incluído o Consorcio Provincial)	√	
Comarcas de Deza e Tabeirós	√	
Consortio Provincial contra Incendios	√	√
Mancomunidade do Morrazo (Bueu, Cangas e Moaña)	√	√
Consortio Contraincendios das Comarcas do Baixo Miño, do Condado e Louríña	√	
Entidade Local Menor de Bembrive, Vigo	√	√
Entidade Local Menor de Chenlo, O Porriño	√	√
Mancomunidade do Val Miñor	√	√
Consortio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro		√



**A distribución de delegacións é a seguinte:**

CONCEPTO	NÚMERO DE DELEGACIÓNS
IBI	49
IAE	49
IVTM	45
Altas no IVTM	20
IIVTNU	24
Multas de tráfico	30
ICIO	27
Xestión catastral	47
Taxas	47
Recadación executiva	51

O ORAL xestionou no ano 2019 competencias na xestión e/ou recadación dos tributos e doutros ingresos de dereito público dun total de 53 concellos, o que supón máis do 86 % do total dos da provincia (61 concellos)

Un total de 49 concellos (máis do 80 % do total dos da provincia) delegan o IAE e o IBI. Un total de 51 concellos delegan a recadación executiva; 47 concellos, a xestión catastral; e un total de 45 concellos, as xestións do IVTM. En resumo, os impostos obrigatorios de máis do 73 % dos concellos da provincia de Pontevedra xestiónanse a través do ORAL.

**3.3 DELEGACIÓNS SEGUNDO A POBOACIÓN MUNICIPAL**

Entre as competencias propias das deputacións, tras a aprobación da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, que modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, destaca en todo caso a asistencia na prestación dos servizos de xestión da recadación tributaria en período voluntario e executivo e dos servizos de apoio á xestión financeira dos concellos cunha poboación inferior aos 20.000 habitantes.

A distribución por tramos de poboación dos 61 concellos da provincia de Pontevedra é a seguinte:

RANGO	MENOS DE 5.000 HAB.	DE 5.001 A 20.000 HAB.	DE 20.001 A 50.000 HAB.	MÁIS DE 50.000 HAB.
Núm. de concellos	23	29	7	2

A desagregación do total de delegacións por tramos de poboación é a seguinte:

DELEGACIÓNS	CONCELLOS DE MENOS DE 5.000 HAB.	CONCELLOS DE 5.001 A 20.000 HAB.	CONCELLOS DE 20.001 A 50.000 HAB.	TOTAL CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HAB.	TOTAL DE CONCELLOS DELEGANTES
IBI	20	25	4	45	49
IAE	20	25	4	45	49
IVTM	20	22	3	42	45
Altas no IVTM	10	8	2	18	20
IIVTNU	7	14	3	21	24
Multas de tráfico	7	20	3	27	30
ICIO	8	15	4	23	27
Xestión catastral	19	24	4	43	47
Taxas	21	22	4	43	47
Recadación executiva	21	25	5	46	51


Un total de 52 concellos da provincia teñen menos de 20.000 habitantes, o que representa o 85,3 % do total de municipios da provincia de Pontevedra. Dentro deste colectivo **máis do 94 %** dos concellos teñen delegada algunha competencia tributaria no ORAL.

Os tributos que máis comunmente son obxecto de delegación refírense aos impostos obrigatorios (IBI, IAE e IVTM), delegados no ORAL por máis do 80 % do total de concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia (máis do 86 % no caso do IBI e do IAE, e máis do 80 % no caso do IVTM).

Do mesmo xeito, máis do 88 % do total de concellos de menos de 20.000 habitantes (46 concellos) delegan no ORAL a recadación executiva.

**Concellos de menos de 20.000 habitantes que delegaron competencias no ORAL:**

O seguinte gráfico mostra a distribución de delegacións en relación coas diferentes figuras tributarias dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia:




**3.4 EVOLUCIÓN DA XESTIÓN E RECADACIÓN EFECTUADA EN FUNCIÓN DO TRAMO DE POBOACIÓN**

A evolución da integridade dos valores xestionados polo ORAL, segundo os entes delegantes e clasificando os concellos segundo o número de habitantes, é a seguinte:

VOLUME DE XESTIÓN: ENTES DELEGANTES						% incremento (2019/2016)	% incremento (2019/2015)
ENTIDADES DELEGANTES	2015	2016	2017	2018	2019		
Concello de menos de 5.000 habitantes	25.615.025,96	26.625.432,75	25.677.679,20	27.902.605,73	27.470.569,48	3,17 %	7,24 %
Concello de máis de 5.000 e menos de 20.000 habitantes	130.818.170,99	132.614.740,07	137.397.947,20	142.765.780,40	144.552.049,36	9,00 %	10,50 %
Concello de máis de 20.000 habitantes	35.978.722,98	37.281.191,36	39.404.396,96	39.834.847,18	39.935.593,10	7,12 %	11,00 %
Outros entes	4.712.295,24	6.293.410,04	5.990.198,11	5.936.453,03	5.780.820,20	-8,14 %	22,68 %
<b>Total</b>	<b>197.124.215,17</b>	<b>202.814.774,22</b>	<b>208.470.221,47</b>	<b>216.439.686,34</b>	<b>217.739.032,14</b>	<b>7,36 %</b>	<b>10,46 %</b>

A **contía económica** dos valores correspondentes aos concellos de menos de 20.000 habitantes evolucionou, no período 2015-2019, desde 156,4 a 172,02 millóns de euros (**10,4 % de incremento**), o que representa un incremento de máis dun punto sobre a contía que se xestionou no exercicio 2018. Este incremento inclúe os dereitos para xestionar derivados das novas delegacións asumidas no exercicio 2019. Se temos en conta o ano 2016, o incremento é do 7,36 %.

En canto á recadación definitiva remitida aos concellos (**cobros en período voluntario e executivo**) e entes delegantes de carácter local, sumando a dos cobros en período voluntario e en período executivo, fronte ao ano 2015 mostra un **crecemento global nominal do 3,44 % ao final do ano 2019 e representa un crecemento do 5,45 % nos últimos catro exercicios (2016-2019)**. A desagregación por tramos de poboación de concellos e outros entes é a seguinte:



TOTAL RECADADO NO EJERCICIO						% incremento	% incremento
ENTIDADES DELEGANTES	2015	2016	2017	2018	2019	(2019/2016)	(2019/2015)
Concello de menos de 5.000 hab.	16.697.858,77	16.655.228,85	15.560.840,81	16.793.674,94	16.779.685,77	0,75 %	0,49 %
Concello de máis de 5.000 e menos de 20.000 hab.	77.370.892,35	74.471.024,79	77.307.130,67	78.697.962,37	79.809.084,55	7,17 %	3,15 %
Concello de máis de 20.000 hab.	22.293.031,77	22.428.117,67	23.101.963,28	23.476.314,01	23.764.191,12	5,96 %	6,60 %
Outros entes	2.529.467,74	3.070.885,81	2.756.520,74	2.720.638,28	2.630.621,73	-14,34 %	4,00 %
<b>Total</b>	<b>118.891.250,63</b>	<b>116.625.257,12</b>	<b>118.726.455,50</b>	<b>121.688.589,60</b>	<b>122.983.583,17</b>	<b>5,45 %</b>	<b>3,44 %</b>


A esta recadación de 122.983.583,17 € cómpre sumarlle, igual que en exercicios anteriores, a recadación correspondente a valores cobrados pendentes de liquidación definitiva aos concellos e entes (pagos fraccionados, pagos parciais etc.), que supuxo 1.576.238,22 euros no ano 2019, cun resultado acumulado de 4.191.607,47 euros o 31 de decembro de 2019.

DETALLE DO INCREMENTO DA RECADACIÓN		
ENTIDADES DELEGANTES	DIFERENZA DE RECADACIÓN (2019-2016)	DIFERENZA PORCENTUAL DE RECADACIÓN (2019-2016)
Concello de menos de 5.000 habitantes	124.456,92 €	0,75 %
Concello de máis de 5.000 e menos de 20.000 habitantes	5.338.059,76 €	7,17 %
Concello de máis de 20.000 habitantes	1.336.073,45 €	5,96 %
Outros entes	-440.264,08 €	-14,34 %
<b>Total</b>	<b>6.358.326,05 €</b>	<b>5,45 %</b>

A recadación que se lle entregou ao conxunto de municipios que se atopan no tramo de poboación de menos de 20.000 habitantes incrementouse en 5,4 millóns de euros nos últimos catro anos; o incremento total de todos os concellos foi de 6,4 millóns de euros, cun crecemento do 5,45%.

ENTIDADES DELEGANTES	TOTAL XESTIONADO (RECADACIÓN E BAIXAS)					% incremento	% incremento
	2015	2016	2017	2018	2019	(2019/2016)	(2019/2015)
Concello de menos de 5.000 habitantes	17.395.855,41	17.345.260,35	16.040.340,30	17.519.277,92	17.886.715,69	3,12 %	2,82 %
Concello de máis de 5.000 e menos de 20.000 habitantes	82.247.529,27	77.827.959,97	79.610.786,10	83.345.011,08	84.658.477,63	8,78 %	2,93 %
Concello de máis de 20.000 habitantes	23.201.117,80	23.399.423,67	24.486.681,11	24.682.045,79	24.891.501,01	6,38 %	7,29 %
Outros entes	2.612.523,03	3.339.514,97	3.140.777,80	2.914.477,93	2.757.158,50	-17,44 %	5,54 %
<b>Total</b>	<b>125.457.025,51</b>	<b>121.912.158,96</b>	<b>123.278.585,31</b>	<b>128.460.812,72</b>	<b>130.193.852,83</b>	<b>6,79 %</b>	<b>3,78 %</b>

## TOTAL RECADADO NO EXERCICIO




## 4. FORMAS DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS

### 4.1 PRESENZA NO TERRITORIO PROVINCIAL

Para a consecución dos seus fins o ORAL presta servizos nas súas instalacións situadas na cidade de Pontevedra e conta con delegacións territoriais en 23 concellos da provincia (Arbo, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, A Cañiza, Crecente, Covelo, A Estrada, Lalín, Moaña, As Neves, Nigrán, Ponteareas, Ponte Caldelas, Pontevedra, O Porriño, O Rosal, Sanxenxo, Tomiño, Tui, Vigo e Vilanova de Arousa), que permiten unha atención presencial máis próxima ás persoas residentes nos concellos que teñen delegada a súa xestión.

OFICINAS DO ORAL
Arbo
Bueu
Caldas de Reis
Cambados
Cangas
Cañiza, A
Crecente
Covelo
Estrada, A
Lalín
Moaña
Neves, As
Nigrán
Ponteareas
Ponte Caldelas
Pontevedra
Porriño, O
Rosal, O
Sanxenxo
Tomiño
Tui
Vigo
Vilanova de Arousa



### 4.2 ATENCIÓN EN LIÑA

#### Oficina Virtual Tributaria (<https://ovt.depo.gal>):

A Deputación de Pontevedra puxo en marcha no mes de febreiro de 2019 unha nova oficina virtual tributaria do ORAL, a través da cal calquera persoa pode facer as súas tramitacións en liña daqueles tributos que os concellos deleguen neste órgano provincial.

No novo espazo virtual as usuarias e usuarios poden facer trámites coma pagar ou domiciliar recibos e pagar liquidacións; presentar solicitudes, recursos e outra documentación; modificar datos fiscais; realizar autoliquidacións do Imposto de vehículos; identificar a persoa condutora nun expediente sancionador de tráfico; subscribirse a unha caixa de correo de notificacións electrónicas ou recibilas por correo e SMS; obter información de obxectos tributarios, expedientes ou embargos ou obter duplicados de recibos.

O total de transaccións rexistradas entre febreiro e decembro de 2019 foi de 717.725, das que máis do 77,17 % foron consultas (553.906 consultas); delas máis da metade, o 60,6 %, foron consultas de expedientes individuais (140.945 consultas, o 25,5 % do total de consultas), débedas pendentes (117.708 consultas, o 21,3 % do total), domiciliacións (69.273, o 12,5 %) e sobre o detalle do recibo cargado en conta (5.702 consultas, o 1,03 % do total). O resto das consultas referíronse a presentacións electrónicas (107.504, o 19,4 %); a datos fiscais da persoa contribuínte (59.584, o 10,8 %); a consultas de obxectos tributarios da persoa contribuínte (52.957, o 9,6 %); e a consultas de parcelas rústicas (o 0,04 %, 233 consultas).

Ao total de consultas habería que sumarlles as efectuadas mediante o Simulador de Plusvalías-IIVTNU, que foron 1.140 simulacións.

En canto ás transaccións operativas, cun total de 53.621, estas materializáronse en modificacións de bases de datos das persoas contribuíntes e das súas domiciliacións de débedas, das que o 17,7 % foron modificacións de datos persoais e do domicilio (un total de 9.495 modificacións), e 1.114 en modificación de domiciliacións, xestión de domiciliacións (altas e baixas), notificacións, pagos, presentacións electrónicas e, por último, en menor medida, identificación de condutora ou condutor en expedientes de sancións de tráfico.

#### **Páxina web ([www.depo.gal/oral-xestion-tributaria-e-catastral](http://www.depo.gal/oral-xestion-tributaria-e-catastral))**

A nova páxina web do ORAL, integrada na páxina da Deputación Provincial, presentouse o 24 de setembro de 2019 co obxectivo de converterse nunha ferramenta de consulta para as persoas contribuíntes e para os concellos con tributos delegados no ORAL.

Centraliza a información tributaria cun enlace á OVT e ás páxinas de relevancia na materia. Deste xeito, facilítanse as xestións e increméntase a transparencia do ORAL. Ao mesmo tempo, permite acceder rapidamente, a través da sección “O meu concello”, a información puntual e en rede dos concellos que delegaron no ORAL a xestión dos seu tributos e outros ingresos de dereito público e sobre cales son os tributos concretos delegados por cada concello e as normas que os regulan (tipos impositivos, bonificacións...) con acceso ás ordenanzas fiscais municipais.

As visitas totais nos tres últimos meses de 2019 ascenderon a un total de 42.141. As seccións máis visitadas foron a propia páxina de inicio, que recolle as noticias de “ORAL informa”, os datos do centro de atención telefónica, o formulario de contacto, a información sobre sedes e horarios, as preguntas frecuentes, a información sobre o IBI e o acceso a “O meu concello”.

## 5. XESTIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA

A recadación tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas dirixidas ao cobro das débedas tributarias. Esta poderase realizar en período voluntario, co pagamento nos prazos previstos no artigo 62 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, ou en período executivo.


A continuación preséntanse os datos de xestión do ORAL relativos ao exercicio 2019, así como a súa evolución comparativa, atendendo de xeito diferenciado á xestión realizada por **recibos** (padróns de cobro periódico) e ás **liquidacións de ingresos directos**.

En relación co anterior, cómpre ter en conta que un recibo está relacionado cun pagamento correspondente a un padrón periódico, de carácter colectivo, que se notifica a través de edictos publicados no BOPPO, mentres que as liquidacións tributarias defínense como pagamentos fóra dun padrón periódico, de carácter obrigatorio e notificadas de forma individual.

### 5.1 XESTIÓN VOLUNTARIA DE PADRÓNS

#### Resumo da xestión voluntaria de padróns:

EXERCICIO	PTE. INICIAL VOLUNTARIA (01/01)	CARGOS DO EXERCICIO EN VÍA VOLUNTARIA	BAIXAS EN VÍA VOLUNTARIA	CARGO LÍQUIDO DO EXERCICIO	TOTAL ANUAL DO CARGO LÍQUIDO	RECADACIÓN VOLUNTARIA	VOLUNTARIA NON FINALIZADA	% COBROS (31/12)	% REAL
2015	8.681.303,87	109.606.115,04	1.698.274,25	107.907.840,79	116.589.144,66	91.712.306,25	8.217.758,92	78,66 %	84,63 %
2016	8.217.758,92	109.602.775,91	434.915,15	109.167.860,76	117.385.619,68	91.921.023,47	9.206.255,35	78,31 %	84,97 %
2017	9.206.255,35	110.293.609,42	545.774,13	109.747.835,29	118.954.090,64	93.264.703,90	9.916.730,37	78,40 %	85,53 %
2018	9.916.730,37	111.783.745,23	297.789,88	111.485.955,35	121.402.685,72	94.927.634,40	10.228.886,66	78,19 %	85,39 %
2019	10.228.886,66	111.274.432,59	527.848,12	110.746.584,47	120.975.471,13	96.838.834,10	7.713.506,36	80,05 %	85,50 %



A recadación en vía voluntaria o 31 de decembro de 2019 de valores efectivos (cargos líquidos) xestionados por padróns, atendendo aos que nesa data rematasen realmente o período voluntario de cobro, foi de 96.838.834,10 €; estes incrementáronse con respecto ao ano 2015 en máis de 5 de millóns de euros, o que representa unha porcentaxe de cobro do **85,50 %** fronte ao 84,63 % do ano 2015. A porcentaxe de cobro mantívose nuns parámetros similares aos do ano 2018 cunha lixeira variación centesimal (85,39 % no ano 2018)


O detalle da evolución homoxeneizada dos cargos por padróns clasificados en relación coas principais figuras tributarias detállanse no seguinte cadro.

Os datos referidos ao IAE de 2018 foron rectificadas significativamente no exercicio 2019 por unha inclusión errónea no censo da AEAT no Concello do Porriño, cunha variación cuantitativa de 796.143,02 euros. Nos datos que se mostran a continuación tívose en conta esta incidencia:

CARGOS POR CONCEPTOS DE PADRÓN – EVOLUCIÓN HOMOXENEIZADA					
CONCEPTO	2015	2016	2017	2018	2019
IBI	63.064.770,94	64.257.390,36	64.714.208,71	67.267.722,07	67.641.296,60
IAE	5.709.797,84	5.878.435,97	6.058.779,73	(*)5.921.484,61	6.185.644,14
IVTM	16.620.665,65	16.618.933,17	16.731.307,25	16.717.388,01	16.757.258,74
TAXAS	22.512.606,36	22.413.101,26	22.243.539,60	20.783.217,64	20.162.384,99

(\*) Contía homologada do IAE de 2018, unha vez rectificadas os erros materiais da matrícula do imposto publicada pola AEAT no Concello do Porriño

O incremento contido das magnitudes dos cargos por padróns no caso do Imposto de bens inmobles foi provocado pola baixa dos tipos impositivos do IBI en diversos concellos da provincia (Cambados, Tui e Sanxenxo, publicados no BOPPO). O efecto conxunto da baixa dos tipos impositivos foi unha diminución conxunta do 5,9 % dos cargos líquidos dos padróns deses concellos e unha baixada cuantitativa de máis de 600.000 euros (600.452,21 euros, fonte: Servizo de Contabilidade do ORAL).




## 5.2 XESTIÓN VOLUNTARIA DE LIQUIDACIÓNS

Pola súa banda, o total de valores xestionados a través de liquidacións de ingresos directos detállase na seguinte táboa:

EXERCICIO	PTE. INICIAL VOLUNTARIA (01/01)	CARGOS DO EXERCICIO EN VÍA VOLUNTARIA	BAIXAS EN VÍA VOLUNTARIA	CARGO LÍQUIDO DO EXERCICIO	TOTAL ANUAL CARGO LÍQUIDO	RECADACIÓN VOLUNTARIA	% COBROS	VOLUNTARIA NON FINALIZADA (31/12)	% REAL
2015	4.249.089,54	14.143.087,48	1.133.330,79	13.009.756,69	17.258.846,23	10.562.628,15	61,20 %	4.300.995,59	81,52 %
2016	4.300.995,59	11.384.394,52	657.663,08	10.726.731,44	15.027.727,03	8.272.377,60	55,05 %	3.832.217,98	73,89 %
2017	3.832.217,98	13.228.642,25	552.466,28	12.676.175,97	16.508.393,95	10.252.442,69	62,10 %	2.836.274,40	74,99 %
2018	2.836.274,40	15.330.009,36	559.334,89	14.770.674,47	17.606.948,87	11.420.860,79	64,87 %	4.232.093,41	85,39 %
2019	4.232.093,41	15.485.733,72	636.347,88	14.849.385,84	19.081.479,25	10.463.504,27	54,84 %	5.634.968,44	77,82 %

O volume da xestión anual por liquidacións de ingresos directos efectuada no ano 2019 mantense estable no ano 2019 con respecto ao ano 2018 (variación porcentual do 0,5 %, pasando dos 15,3 millóns no ano 2018 aos 15,5 no ano 2019).





Non obstante, o cadro anterior reflicte as contías da recadación acumuladas sobre o total pendente acumulado de liquidacións en xestión de cobro do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2019 e non exclusivamente sobre as liquidacións xeradas no exercicio.

O resultado é unha baixada da porcentaxe “real” da recadación anual do volume de liquidacións en xestión de cobro, e pasou ao 77,8 % do total (no ano 2018 foi do 85,4 %). A baixada da recadación foi do 7,9 %, e pasou de 11.420.860,79 euros a 10.463.504,27 euros.

### 5.3 TIPOLOXÍA DOS TRIBUTOS MÁIS SIGNIFICATIVOS. EVOLUCIÓN DA XESTIÓN E COBRO EN PERÍODO VOLUNTARIO

Na seguinte evolución amósase o detalle da xestión realizada en cada anualidade en período voluntario de cobro das principais figuras tributarias:

IBI (IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES) DE URBANA, RÚSTICA E CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS							
XESTIÓN DO PADRÓN				XESTIÓN DAS LIQUIDACIÓNS			% COBROS TOTAL
EXERCICIO	CARGO LÍQUIDO	RECADACIÓN VOLUNTARIA	% COBROS	PTE. INICIAL + CARGO LÍQUIDO	RECADACIÓN VOLUNTARIA	% COBROS	
2015	63.064.770,94	54.561.872,71	86,52 %	8.189.907,61	5.333.238,17	65,12 %	<b>84,06 %</b>
2016	64.257.390,36	55.792.812,06	86,83 %	7.044.951,64	3.869.853,56	54,93 %	<b>83,68 %</b>
2017	64.714.208,71	56.322.668,38	87,03 %	8.147.319,06	5.076.047,74	62,30 %	<b>84,27 %</b>
2018	67.267.722,07	58.492.741,32	86,96 %	10.985.129,63	7.296.735,97	66,42 %	<b>84,07 %</b>
2019	67.641.296,60	59.768.581,64	88,36 %	9.452.326,99	5.034.819,12	53,27 %	<b>84,06 %</b>

IAE (IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS)							
XESTIÓN DO PADRÓN				XESTIÓN DAS LIQUIDACIÓNS			% COBROS TOTAL
EXERCICIO	CARGO LÍQUIDO	RECADACIÓN VOLUNTARIA	% COBROS	PTE. INICIAL + CARGO LÍQUIDO	RECADACIÓN VOLUNTARIA	% COBROS	
2015	5.709.797,84	5.169.609,73	90,54 %	1.210.380,20	838.897,55	69,31 %	<b>86,83 %</b>
2016	5.878.435,97	5.304.900,77	90,24 %	503.274,72	389.644,01	77,42 %	<b>89,23 %</b>
2017	6.058.779,73	5.599.980,91	92,43 %	341.087,74	263.498,91	77,25 %	<b>91,62 %</b>
2018	5.921.484,61	5.307.327,24	89,60 %*	404.643,00	297.795,43	73,59 %	<b>78,70 %</b>
2019	6.185.644,14	5.657.132,74	91,46 %	1.644.570,49	1.042.119,07	63,37 %	<b>85,56 %</b>

\* Datos homoxeneizados en 2019

IVTM (IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA)							
XESTIÓN DO PADRÓN				XESTIÓN DAS LIQUIDACIÓNS			% COBROS TOTAL
EXERCICIO	CARGO LÍQUIDO	RECADACIÓN VOLUNTARIA	% COBROS	PTE. INICIAL + CARGO LÍQUIDO	RECADACIÓN VOLUNTARIA	% COBROS	
2015	16.620.665,65	12.940.481,97	77,86 %	156.244,29	139.742,65	89,44 %	<b>77,97 %</b>
2016	16.618.933,17	12.809.348,41	77,08 %	150.053,82	135.938,75	90,59 %	<b>77,20 %</b>
2017	16.731.307,25	13.150.647,90	78,60 %	172.145,34	152.684,17	88,69 %	<b>78,70 %</b>
2018	16.717.388,01	13.129.920,29	78,54 %	178.728,98	159.479,80	89,23 %	<b>78,65 %</b>
2019	16.757.258,74	12.864.614,01	76,77 %	153.234,96	136.692,41	89,20 %	<b>76,88 %</b>

TAXAS (LIXO, SERVIZO DE AUGAS E OUTRAS TAXAS MUNICIPAIS)							
XESTIÓN DO PADRÓN				XESTIÓN DAS LIQUIDACIÓNS			% COBROS TOTAL
EXERCICIO	CARGO LÍQUIDO	RECADACIÓN VOLUNTARIA	% COBROS	PTE. INICIAL + CARGO LÍQUIDO	RECADACIÓN VOLUNTARIA	% COBROS	
2015	22.512.606,36	19.040.341,84	84,58 %	2.149.376,70	979.664,92	45,58 %	<b>81,18 %</b>
2016	22.413.101,26	18.013.962,23	80,37 %	2.341.568,21	897.282,14	38,32 %	<b>76,39 %</b>
2017	22.243.539,60	18.191.406,71	81,78 %	2.021.312,33	1.217.647,93	60,24 %	<b>79,99 %</b>
2018	20.783.217,64	17.997.645,55	86,60 %	1.538.101,97	1.044.338,59	67,90 %	<b>85,31 %</b>
2019	20.162.384,99	18.548.505,71	92,00 %	1.281.751,32	877.958,69	68,50 %	<b>90,59 %</b>

ICIO (IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS)			
EXERCICIO	PTE. INICIAL + CARGO LÍQUIDO	RECADACIÓN VOLUNTARIA	% COBROS
2015	967.254,12	327.697,79	33,88 %
2016	765.970,36	454.568,47	59,35 %
2017	1.567.970,55	743.500,21	47,42 %
2018	997.806,86	625.058,93	62,64 %
2019	646.266,80	389.972,24	60,34 %

OUTROS CONCEPTOS (COBROS DIRECTOS, PLUSVALÍAS, XUROS DE MORA E OUTROS)			
EXERCICIO	PTE. INICIAL + CARGO LÍQUIDO	RECADACIÓN VOLUNTARIA	% COBROS
2015	4.191.187,10	2.153.862,07	51,39 %
2016	3.385.160,36	1.763.913,67	52,11 %
2017	3.311.874,21	2.048.028,73	61,84 %
2018	2.337.690,32	1.146.923,07	49,06 %
2019	4.060.968,69	2.183.666,74	53,77 %

O **Imposto sobre bens inmobles (IAE)**, a figura impositiva de maior relevancia en termos cuantitativos da xestión do ORAL, pasou de ter un padrón de 63,1 millóns de euros no ano 2015 a 67,7 millóns de euros no exercicio de 2019.

A porcentaxe de cobros en período voluntario por padrón dese imposto pasou do 86,9 % no ano 2018 ao 88,36 % no ano 2019.

O IAE aumentou a porcentaxe de cobro por padrón ata o 91,5 %, e incrementouse do 89,60 % no ano 2018 ao 91,46 % no ano 2019.

A porcentaxe maior de cobros en período voluntario correspóndelles ás taxas, cunha porcentaxe do 90,59 % dos cobros totais en período voluntario, o que garda relación directa co incremento de máis de 4 puntos da porcentaxe de domiciliacións bancarias por este concepto efectuadas en 2019 (a porcentaxe de cobros por padrón pasou do 86,6 % no ano 2018 ao 92 % no ano 2019).


#### 5.4 EVOLUCIÓN DAS DOMICILIACIÓNS

Pechando o apartado de análise da xestión e recadación en período voluntario, en clara relación co incremento da porcentaxe de recadación, preséntase a evolución dos cobros efectuados como consecuencia das domiciliacións bancarias de tributos por parte das persoas interesadas.

En 2019 produciuse un forte incremento no número de valores domiciliados respecto ao 2018 de **máis de 35.000 valores** (35.514 valores fronte aos 3.733 valores que se incrementaron entre 2017 e 2018). Cómpre destacar que este incremento supuxo o 4,68 %, e está relacionado coa forte expansión e acollida da nova Oficina Virtual que está en funcionamento desde febreiro de 2019. O incremento en contía económica é de máis de **3,2 millóns de euros**, e o volume de valores domiciliados ascende a 62,4 millóns de euros, o que representa o 56,09 % da contía total dos valores xestionados por padrón en 2019.

EXERCICIO	NÚM. DE VALORES	IMPORTE	% INCREMENTO DE VALORES	% INCREMENTO DO IMPORTE
2015	610.255	49.922.151,55 €		
2016	708.868	53.513.465,15 €	16,16 %	7,19 %
2017	753.047	56.743.468,86 €	6,23 %	6,04 %
2018	757.780	59.147.549,22 €	0,63 %	4,24 %
2019	793.294	62.408.949,88 €	4,69 %	5,51 %


Evolución dos valores domiciliados



En canto á evolución das domiciliacións en función dos principais padróns tributarios, o aplicativo de xestión tributaria do ORAL rexistrou as seguintes porcentaxes de domiciliación:

PADRÓN	2015	2016	2017	2018	2019
Taxa da auga	60,20 %	68,33 %	70,22 %	74,81 %	78,93 %
Recollida do lixo	62,31 %	61,27 %	63,92 %	66,25 %	68,40 %
IBI de urbana	50,86 %	52,43 %	54,90 %	56,64 %	58,39 %
IBI de rústica	42,31 %	45,42 %	48,54 %	49,46 %	51,22 %
IAE	32,68 %	35,63 %	35,56 %	39,81 %	41,24 %
IVTM	35,01 %	34,42 %	35,29 %	36,24 %	36,60 %
Bens inmobles de características especiais	26,29 %	27,63 %	28,60 %	11,33 %	35,94 %

EVOLUCIÓN DAS DOMICILIACIÓNS (PRINCIPAIS PADRÓN TRIBUTARIOS)



## 6. XESTIÓN RECADATORIA

### 6.1 XESTIÓN RECADATORIA GLOBAL

Os rateos da recadación global entregada aos entes delegantes sitúase no 56,48 % dos dereitos que se deben xestionar, con pequenas variacións centesimais nos últimos tres exercicios. Os cobros sobre valores xa depurados (excluídas as baixas) mantívose tamén no 58,42 % no ano 2019 e non amosou diferenzas substanciais nos últimos tres anos.

EXERCICIO	2015	2016	2017	2018	2019
Pendente inicial (1 de xaneiro)	66.781.306,06	71.667.189,66	80.902.615,26	85.191.636,16	87.978.873,62
Cargos (VOL + EXE)	130.342.909,11	131.147.584,56	127.567.606,21	131.248.050,18	129.760.158,52
Total de dereitos para xestionar	197.124.215,17	202.814.774,22	208.470.221,47	216.439.686,34	217.739.032,14
Total cobros	118.891.250,63	116.625.257,12	118.726.455,50	121.688.589,60	122.983.583,17
% cobros (cobros/dereitos para xestionar)	60,31 %	57,50 %	56,95 %	56,22 %	56,48 %
Total de baixas	6.565.774,88	5.286.901,84	4.552.129,81	6.772.223,12	7.210.269,66
Valores realizables	190.558.440,29	197.527.872,38	203.918.091,66	209.667.463,22	210.528.762,48
Cobros s/ valores realizables	62,39 %	59,04 %	58,22 %	58,04 %	58,42 %
Pendente de cobro (31 de decembro)	71.667.189,66	80.902.615,26	85.191.636,16	87.978.873,62	87.545.179,31

O incremento dos valores para xestionar foi de máis de 20 millóns de euros no período, cunha porcentaxe de incremento do 10,4 % sobre o ano 2015 (os valores sen baixa, os que constan como realizables a 31 de decembro de cada anualidade, incrementáronse en 19,9 millóns de euros). O incremento da recadación no mesmo período foi de 4 millóns, cunha porcentaxe de incremento do 3,4 %, e situouse no ano 2019 en 122.983.583,17 euros.

EXERCICIO	VOLUNTARIA	EXECUTIVA	TOTAL RECADADO
2015	102.275.526,66	16.615.723,97	<b>118.891.250,63</b>
2016	100.193.434,15	16.431.822,97	<b>116.625.257,12</b>
2017	103.527.291,30	15.199.164,20	<b>118.726.455,50</b>
2018	106.349.315,56	15.339.274,04	<b>121.688.589,60</b>
2019	107.302.338,37	15.681.244,80	<b>122.983.583,17</b>


A recadación en período voluntario de cobro no ano 2019 foi de 107.302.338,37 euros, o 87,3 % do total recadado.

Consta unha recadación pendente de liquidar definitivamente en concepto de pagos fraccionados e outros por contía de 4.191.607,47 euros, que non se representa no cadro anterior. O volume total de valores pendentes de cobro (en voluntaria e executiva) o 31 de xaneiro no exercicio de orixe pasou de 71,6 a 87,5 millóns de euros en 2019, dos que 74,2 millóns se atopan en período executivo de cobro.

A recadación en período voluntario no ano 2019 representa o 87,3 % do total recadado e ascende a 107.302.338,37 euros.

## 6.2 XESTIÓN RECADATORIA EN VÍA VOLUNTARIA

EXERCICIO	2015	2016	2017	2018	2019
Pendente inicial (1 de xaneiro)	12.930.393,41	12.520.188,94	13.040.757,00	12.753.004,77	14.460.980,07
Cargo en voluntaria	124.903.431,40	121.648.656,88	124.084.371,52	127.673.909,85	126.760.166,31
Para xestionar	137.833.824,81	134.168.845,82	137.125.128,52	140.426.914,62	141.221.146,38
Cobros	102.275.526,66	100.193.434,15	103.527.291,30	106.349.315,56	107.302.338,37
% cobros (cobros/dereitos para xestionar)	74,20 %	74,68 %	75,50 %	75,73 %	75,98 %
Baixas	2.831.605,04	1.092.578,23	1.098.240,41	857.124,77	1.164.196,00
Valores realizables	135.002.219,77	133.076.267,59	136.026.888,11	139.569.789,85	140.056.950,38
Cobros s/ valores realizables	75,76 %	75,29 %	76,11 %	76,20 %	76,61 %
Pendente de cobro en período voluntario	32.726.693,11	32.882.833,44	32.499.596,81	33.220.474,29	32.754.612,01
Período voluntario non pechado (31 de decembro)	12.520.188,94	13.040.757,00	12.753.004,77	14.460.980,07	13.348.474,80
Pase a executiva	20.206.504,17	19.842.076,44	19.746.592,04	18.759.494,22	19.406.137,21



## 6.3 XESTIÓN RECADATORIA EN VÍA EXECUTIVA

Finalizado o período de pago en vía voluntaria dos valores postos ao cobro polo ORAL, e unha vez recibidos os correspondentes cargos remitidos polos concellos que só teñan delegada a recadación en vía executiva dos seus tributos, realízanse as xestións de cobro en vía executiva segundo o establecido na lexislación de aplicación.


A contía da recadación en período executivo ascendeu a 15.681.244,80 euros.

O indicador dos cobros efectuados aos entes delegantes no ano 2019 foi do 16,35 % sobre os valores para xestionar e a porcentaxe de cobros sobre valores xestionados (cobrados e dados de baixa) foi do 17,45 %, o que representa unha porcentaxe de xestión de valores do 22,65 %, que se mantén nos parámetros do exercicio 2018 e foi lixeiramente superior (22,43 % no ano 2018 e 22,65 % no ano 2019).


EXERCICIO	2015	2016	2017	2018	2019
Pendente inicial (1 de xaneiro)	53.850.912,65 €	59.147.000,72 €	67.861.858,26 €	72.438.631,39 €	73.517.893,55 €
Executiva enviada por entes delegantes	5.439.477,71 €	9.498.927,68 €	3.483.234,69 €	3.574.140,33 €	2.999.992,21 €
Valores en executiva no exercicio	20.206.504,17 €	19.842.076,44 €	19.746.592,04 €	18.759.494,22 €	19.406.137,21 €
Para xestionar	79.496.894,53 €	88.488.004,84 €	91.091.684,99 €	94.772.265,94 €	95.924.022,97 €
Cobros	16.615.723,97 €	16.431.822,97 €	15.199.164,20 €	15.339.274,04 €	15.681.244,80 €
% cobros (cobros/dereitos para xestionar)	20,90 %	18,57 %	16,69 %	16,19 %	16,35 %
Baixas en vía executiva	3.734.169,84 €	4.194.323,61 €	3.453.889,40 €	5.915.098,35 €	6.046.073,66 €
Valores realizables	75.762.724,69 €	84.293.681,23 €	87.637.795,59 €	88.857.167,59 €	89.877.949,31 €
% cobros sobre valores realizables	21,93 %	19,49%	17,34 %	17,26 %	17,45 %
Pendente de cobro (31 de decembro)	59.147.000,72 €	67.861.858,26 €	72.438.631,39 €	73.517.893,55 €	74.196.704,51 €
% xestión	25,60 %	23,31 %	20,48 %	22,43 %	22,65 %

O pendente de cobro en vía executiva o 31 de decembro de cada ano incrementouse desde o ano 2015 en 15,1 millóns de euros e fixouse no ano 2019 en 74.196.794,51 euros.

### EXECUTIVA



A gráfica representa a evolución da execución dos valores en período de cobro executivo dos últimos seis anos.



Segundo a Disposición adicional terceira da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos de xestión, inspección e recadación que se prestan na Deputación: “Os importes recadados por xuros de mora corresponderanlles, na súa totalidade, ás administracións titulares dos recursos en cuxa xestión de cobro se recadaron”; os xuros derivados da vía de cobro en executiva liquidados aos entes delegantes no período son os seguintes:

EXERCICIO	2015	2016	2017	2018	2019
Xuros en vía executiva	914.702,07	561.109,63	487.041,83	512.585,61	567.809,55




## 7. VOLUME DE XESTIÓN GLOBAL DO ORAL

O ORAL xestiona, ademais, tributos propios da Deputación de Pontevedra (recargo provincial do IAE e outros). A recadación voluntaria e executiva derivada da integridade da xestión presentou a seguinte evolución:

EXERCICIO	COBROS EN VÍA VOLUNTARIA	COBROS EN VÍA EXECUTIVA	TOTAL RECADADO
2015	104.246.143,59	16.835.671,36	<b>121.081.814,95</b>
2016	102.064.834,38	16.549.819,87	<b>118.614.654,25</b>
2017	105.440.658,09	15.291.492,17	<b>120.732.150,26</b>
2018	108.300.083,54	15.579.443,73	<b>123.879.527,27</b>
2019	109.623.387,13	15.801.703,11	<b>125.425.090,24</b>

EXERCICIO	VALORES PARA XESTIONAR (1)	BAIXAS TOTAIS (2)	COBROS TOTAIS (3)	PTE. COBRO A 31/12	% BAIXAS (2)/(1)	% COBROS (3)/(1)	% PENDENTE (4)/(1)
2015	200.329.561,28	6.577.753,87	121.081.814,95	72.669.992,46	3,28 %	60,44 %	36,28 %
2016	205.851.647,28	5.326.509,25	118.614.654,25	81.910.483,78	2,59 %	57,62 %	39,79 %
2017	211.518.008,41	4.569.060,18	120.732.150,26	86.216.797,97	2,16 %	57,08 %	40,76 %
2018	219.919.190,00	7.084.325,07	123.879.527,27	88.955.337,66	3,22 %	56,33 %	40,45 %
2019	221.367.542,60	7.376.950,64	125.425.090,24	88.565.501,72	3,33 %	56,66 %	40,01 %



## 8. XESTIÓN DAS SANCIONS DE TRÁFICO

O ORAL asume competencias encomendadas polos concellos en materia de sancións de tráfico. O alcance destas esténdense á colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de tráfico, así como á recadación voluntaria e executiva das sancións que deriven destes procedementos.

Baixo esta premisa, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019, foron gravadas na aplicación informática do ORAL-Deputación de Pontevedra e xestionadas por este órgano un total de **16.639 denuncias**, relativas ás efectuadas por axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico, segundo se mostra na seguinte táboa:

RESUMO DAS DENUNCIAS TRAMITADAS	TOTAL	PORCENTAXE
Paradas e estacionamentos	7.172	43,10 %
Desobediencia a marcas e sinais	4.964	29,83 %
Incumprimento da ordenanza municipal	3.249	19,53 %
Incumprimento da obriga de identificar a persoa condutora	238	1,43 %
Uso do teléfono móbil	229	1,38 %
Alcoholemias	218	1,31 %
Outros motivos	110	3,42 %

En canto aos datos de xestión das devanditas sancións, obtivéronse os seguintes resultados:

EXERCICIO	RECADACIÓN VOLUNTARIA	RECADACION EXECUTIVA	TOTAL RECADADO	INCREMENTO SOBRE O ANO ANTERIOR
2015	789.525,00	385.725,27	1.175.250,27	
2016	761.177,00	449.854,46	1.211.031,46	3,04 %
2017	751.035,00	405.990,46	1.157.025,46	4,46 %
2018	850.529,00	380.335,90	1.230.864,90	6,38 %
2019	798.276,00	502.231,13	1.300.507,13	5,66 %

EXERCICIO	PTE. INICIAL	RECADACIÓN VOLUNTARIA	% COBROS
	+ CARGO LÍQUIDO		
2015	1.527.827,00	789.525,00	51,68 %
2016	1.494.411,00	761.177,00	50,93 %
2017	1.499.151,00	751.035,00	50,10 %
2018	1.724.183,00	850.529,00	49,33 %
2019	1.842.360,00	798.276,00	43,33 %

## 9. XESTIÓN CATASTRAL

A Deputación de Pontevedra subscribiu en 2001 o **Convenio de colaboración coa Secretaría de Estado de Facenda** (Dirección Xeral do Catastro). Mediante este convenio o ORAL leva a cabo, por conta da Dirección Xeral do Catastro, os labores de actualización e mantemento catastral dos seguintes concellos: Agolada, Barro, Baiona, Caldas de Reis, Cambados, Campo Lameiro, Cangas, A Cañiza, Catoira, Cerdedo-Cotobade, Covelo, Crecente, Cuntis, Dozón, A Estrada, Gondomar, Lalín, A Lama, Meaño, Meis, Moaña, Mondariz, Mondariz-Balneario, Moraña, Mos, As Neves, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Portas, Poio, Pontearreas, Ponte Caldelas, Pontecesures, Rodeiro, O Rosal, Salvaterra de Miño, Sanxenxo, Silleda, Soutomaior, Tomiño, Tui, Valga, Vilaboa, Vila de Cruces e Vilanova de Arousa.

Os labores de mantemento inclúen tanto a tramitación de actuacións de alteración xurídica coma de alteracións fisioeconómicas no ámbito territorial dos concellos delegantes. No exercicio 2019 foron os seguintes:

- 5.093 actuacións de alteración xurídica validadas pola Dirección Xeral do Catastro derivadas de máis de 5.500 expedientes tramitados no Servizo
- 3.392 actuacións de alteración fisioeconómica validadas pola Dirección Xeral do Catastro derivadas de máis de 2.200 expedientes tramitados no Servizo

Ademais, froito dos labores de comprobación no territorio das e dos axentes catastrais do ORAL (máis de 8.650 quilómetros percorridos no ano 2019), materializouse a comprobación de titularidades catastrais non rexistradas ou con datos incompletos, cos seguintes resultados:

- 113 inmobles visitados
- 49 expedientes de alteración catastral xerados
- 51 expedientes de alteración catastral xerados de orde fisioeconómica (altas) en inmobles de grande entidade (instalacións industriais e comerciais fundamentalmente)

**10. EXPEDIENTES XESTIONADOS****10.1 EXPEDIENTES XESTIONADOS**

A continuación amósase o nivel de actividade do ORAL, tanto no que fai referencia ao convenio de colaboración en materia de xestión catastral coma no relativo aos procedementos de xestión, recadación, comprobación e inspección en materia de tributos e outros ingresos de dereito público.

NÚMERO DE EXPEDIENTES XESTIONADOS (FINALIZADOS)	2019
Alteracións catastrais de orde xurídica	5.587
Outras alteracións catastrais	2.245
Declaracións	7.536
Beneficios fiscais	5.661
Adiamentos/fraccionamentos	4.221
Emisión de informe/certificación	6.083
Solicitudes de rateo IVTM/IAE	500
Outras solicitudes (suspensión, compensación, plan de pagamento personalizado...)	2.321
Recursos	5.979
Xestión interna (revisións de oficio, sucesores)	593
Inspeccións e comprobacións	691
Procedemento sancionador	96
Declaracións de taxas e PP	7.317
Outros tipos de expedientes (afección de bens, procedemento concursal, derivacións...)	3.378
<b>TOTAL</b>	<b>52.208</b>

**10.2 OUTRAS ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA XESTIÓN****Proxecto "ORAL informa"**

O ORAL puxo en funcionamento no exercicio 2019 o proxecto "ORAL informa". Este nace como un sistema estandarizado de emisión e recepción de información áxil para as persoas contribuíntes mediante o uso de varias ferramentas coma SMS, correo electrónico, redes sociais (principalmente Facebook e Twitter), novas webs, prensa escrita e pantallas de información.

Este proxecto pretende combinar o envío de avisos persoais para subscritoras e subscritores coa difusión de información xenérica, coma inicio de cobranzas, data de cargo en conta de tributos domiciliados e, en xeral, doutras situacións nas que quede acreditada a urxencia ou necesidade de difusión inmediata de avisos de carácter extraordinario.

- SMS

No marco deste proxecto, enviáronselles durante o ano 2019 un total de 310.268 mensaxes por SMS ás persoas contribuíntes segundo a seguinte relación:

SMS	TOTAL
Aviso de cargo en conta	217.599
Aviso de fin do período en vía voluntaria	92.537
Outros	132
<b>TOTAL</b>	<b>310.268</b>

- CORREO-E

No caso dos correos electrónicos informativos, desde o ORAL emitíronse un total de 107.785, como se mostra na seguinte táboa:

CORREO-E	TOTAL
Aviso de cargo en conta	<b>75.350</b>
Aviso de fin do período en vía voluntaria	<b>32.335</b>
Outros	<b>100</b>
<b>TOTAL</b>	<b>107.785</b>

- REDES SOCIAIS

O ORAL ten presenza nas redes sociais a través das contas corporativas da propia Deputación Provincial en Facebook e Twitter. Durante o exercicio 2019 realizáronse as seguintes publicacións:

CORREO-E		TOTAL
FACEBOOK	Número de publicacións	17
	Alcance total	30.436
	Interaccións totais	1.472
	Alcance medio	1.790
TWITTER	Número de publicacións	105
	Alcance total	30.436
	Interaccións totais	1.451
	Alcance medio	618
INSTAGRAM	Número de publicacións	3
	Alcance total	1.415
	Interaccións totais	11
	Alcance medio	472

### RETROALIMENTACIÓN

O ORAL abriu no exercicio 2019 dúas novas canles directas de comunicación. A primeira delas é o formulario de consulta “Contacta”, que ofrece acceso directo aos nosos servizos de información para a realización de consultas no ámbito tributario. Ademais púxose en marcha unha ferramenta que pretende medir o grao de satisfacción das persoas contribuíntes cos nosos servizos a través da habilitación dunha enquisa de satisfacción. Ambos os mecanismos se atopan na nosa web corporativa.

### TRANSPARENCIA, FORMACIÓN E COLABORACIÓN DO ORAL. ENTES DELEGANTES

O ORAL, co fin de promover a transparencia e a colaboración cos concellos delegantes, neste exercicio puxo en marcha un programa de xuntanzas semestrais coas técnicas e técnicos dos concellos delegantes abertas a responsables políticos, co fin de que sirvan de plataformas formativas e de contacto permanente e aberto para mellorar a eficacia e eficiencia na xestión tributaria e recadatoria.

Tiveron lugar no ano 2019 dúas xuntanzas (abril e outubro) baixo a denominación única de Novidades na Tributación Local: Novas Liñas na Mellora da Eficiencia na Prestación dos Servizos, cunha asistencia de 55 técnicas e técnicos municipais no mes de abril e 59 no mes de outubro. A primeira foi meramente informativa e formativa e contou coa asistencia de persoas colaboradoras-relatoras externas ao ORAL, que informaron sobre temas de especial actualidade e interese en materia tributaria (actualidade sobre o IIVTNU, con especial referencia aos últimos pronunciamentos xurisprudenciais; feitos imposíbeis que poden orixinar novas taxas; taxa de transporte de enerxía e novidades catastrais con mención ao mapa de xestión). A segunda centrouse na posta en común dos novos instrumentos de xestión impulsados desde o ORAL (Plataforma de intercambio cos concellos; Convenio para a implantación de novas figuras tributarias-taxa de transporte; Novo regulamento de xestión de multas e SIT Sanciona) e contou cun relatorio sobre o procedemento de elaboración das memorias de custos para a implantación e modificación das ordenanzas fiscais.


## 11. ACHEGAS DE LIQUIDEZ AOS CONCELLOS. ANTICIPOS A CONTA

As liquidacións e os anticipos dos fondos procedentes da actividade recadatoria axustaranse aos seguintes parámetros:


1. Anticipos mensuais de carácter ordinario: a Deputación, a través do ORAL, realiza entregas a conta mensuais da recadación polos padróns pendentes de ingreso dos impostos sobre a base de cálculo do 100 % do importe dos do ano anterior. Estes efectuaranse desde o mes de xaneiro ata a liquidación definitiva dos correspondentes padróns cun máximo de 10 entregas anuais.
2. Anticipos de carácter extraordinario:
  - A) En relación cos padróns: as entidades delegantes poderán solicitar previamente ata o 75 % do importe total dos padróns de taxas e PP no momento da súa aprobación definitiva. Se a petición de anticipo se realiza sobre un padrón de nova elaboración, esta porcentaxe reducirase ao 60 %. De maneira excepcional, concederase un anticipo sobre padróns de taxas pendentes de aprobación nos termos establecidos regulamentariamente
  - B) En relación coas liquidacións directas e en vía executiva: as entidades delegantes poderán solicitar previamente a recadación coñecida en período voluntario por liquidacións de contraído previo e ingreso directo, liquidacións de contraído simultáneo e autoliquidacións, incluída a recadación executiva ingresada pendente de liquidarlle ao concello

Os anticipos e entregas a conta compensaranse coas liquidacións definitivas, tanto en período voluntario coma en vía executiva.

### Anticipos ordinarios:



### Anticipos extraordinarios:



	ANTICIPOS ORDINARIOS (1)	ANTICIPOS EXTRAORDINARIOS (2)	TOTAL
2015	54.607.558,94 €	7.892.701,34 €	62.502.368,34 €
2016	56.288.358,41 €	5.517.165,69 €	61.807.540,10 €
2017	57.208.055,11 €	3.249.609,58 €	60.459.681,69 €
2018	57.338.542,49 €	2.658.107,16 €	59.998.667,65 €
2019	59.218.328,00 €	1.638.946,47 €	60.857.274,47 €

A contía das entregas de liquidez pola vía de anticipos extraordinarios reduciuse de novo por vontade propia dos concellos.



